



Praza da Constitución
36670 Cuntis (Pontevedra)
Tif.: 986 548 005
Fax: 986 533 995

CONCELLO DE CUNTIS

DECRETO 720-2014

DON ANTONIO PENA ABAL, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1, f) da Lei de Bases do Réxime Local,

Vista a proposta de resolución do órgano colexiado e ao amparo do artigo 89 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en virtude das atribucións que me confire o artigo 5º das Bases Reguladoras publicadas no BOP nº 135 do 15 de xullo de 2014.

RESOLVO:

Primeiro: Desestimar as solicitudes que se enumeran deseguido por non cumprir cos requisitos esixidos segundo a causa que se sinala:

DATOS DO SOLICITANTE	CAUSA DA DESESTIMACIÓN
ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN SOCIAL AS CAMPAÑAS	FALTA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN (Disposición xeral 2ª)
ASOCIACIÓN VIRXE DA DORES DE CUNTIS	FALTA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN (Disposición xeral 2ª)
ASOCIACIÓN GRUPO FOLCLÓRICO "HAI QUE ROELO"	SOLICITASE SUBVENCIÓN PARA INVESTIMENTO. CANDO AS BASES ESTABLECEN QUE UNICAMENTE SE SUBVENCIONARAN ACTIVIDADES. (Disposición Xeral 1ª)
ASOCIACION CULTURAL E XUVENIL "RÍO GALLO"	DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA (Disposición Xeral 3ª)
ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA MONTE XESTEIRAS	ORZAMENTO DE INGRESOS SUPERIOR AO ORZAMENTO DE GASTOS (Disposición Xeral 6ª)

Segundo: Conceder axudas ás demais entidades solicitantes segundo a puntuación acadada. Así pois, tendo en conta que son 390 puntos os totais e que o orzamento é de 5.000 €, quedaría da seguinte maneira:

Total de puntos: 390

Valor do punto: 5.000/390= 12,82

Non obstante, debido a que tres das asociacións superarían o límite máximo subvencionado, asígnaselle a estas o importe máximo, distribuindo o importe restante, que ascende a 258,06€ entre as demais solicitudes que suman entre todas 279 puntos.

Tendo en conta que son 279 puntos e que o orzamento é de 258,06 € quedaría da seguinte maneira:

Total de puntos: 279

Valor do punto: 258,08/279= 0,92



Praza da Constitución
36670 Cuntis (Pontevedra)
Tif.: 986 548 005
Fax: 986 533 995

CONCELLO DE CUNTIS

	IMPORTE DA CANTIDADE SOLICITUDE	ORZAMENTO SUBVENCIONAD O MÁXIMO	PUNTUACIÓN OBTIDA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA INICIALMENTE	IMPORTE RESTANTE	IMPORTE FINAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA
Asoc. Deportiva Mixta O RENDAL	1.000,00	1.000,00	31	397,44	28,67	426,11
Asoc. De Mulleres ARDEFUR	345,00	345,00	38	345,00	0,00	345,00
Asoc Cultural de Veciños Santa Barbara de Portela	2.990,00	1.000,00	24	307,69	22,20	329,89
Asoc. Xuvenil MARITRINI	650,00	650,00	36	461,54	33,30	494,84
Asoc Mulleres Rurais As Termas	400,00	400,00	36	400,00	0,00	400,00
Clube de Montaña Xesteiras	7.400,00	1.000,00	42	538,46	38,85	577,31
Asoc Cuntis Comercial Vila Aberta	840,00	420,00	37	420,00	0,00	420,00
Amigos Cultural Gaitas do Baño	1.000,00	1.000,00	52	666,67	48,10	714,77
Asoc. Xubilados Baños de Cuntis	600,00	600,00	31	397,44	28,67	426,11
Asoc Cultural O Fervedoiro	700,00	700,00	32	410,26	29,60	439,86
Asoc. Cultural O Meigallo	600,00	600,00	31	397,44	28,67	426,11

Terceiro: Notificar os resultados a todas as entidades que presentaron solicitude.

Cuarto: Dar traslado a Intervención así como ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Cuntis, 8 de outubro de 2014
O alcalde

Ante min
A secretaria

Antonio Pena Abal

María Fernanda Montero Parapar